

CURSO DE FORMACIÓN EN CARPINTERÍA DE RIBEIRA

Proposta formativa Sancosmeiro

A proposta formativa que se oferta é a de elaboración dunha réplica da embarcación tradicional Sancosmeiro seguindo as formas e patróns tradicionais.

Dita embarcación estará construída segundo as técnicas e procesos tradicionais de construción de embarcacións de madeira a tope (elaboración de cadernas, banceado a tope, elaboración de fasquiás, tratamentos tradicionais da madeira..)

O proceso construtivo e métodos de elaboración seguirán fielmente o proceso construtivo tradicional: Realización de empalmes e ensambles en pezas, cravado de pezas, escantillonado de cantos en cadernas e banzos, fasquiado e dobrado de banzos.

A embarcación realizarase en madeira de piñeiro para forros e cubertas e madeiras estruturais para reforzos estruturais: Cadernas, quilla, roda...

A réplica da embarcación realizarase cun fin formativo e divulgativo do Sancosmeiro como embarcación tradicional de Outes e dos seus métodos construtivos, incluíndo actividades divulgativas e formativas.

Coa fin de optimizar a capacidade divulgativa e pedagóxica, a embarcación estará semirrematada para unha mellor comprensión e facilidade de visualización e explicación do proceso construtivo e compoñentes construtivos da mesma.

O tamaño proposto da embarcación é dunha escala 1/3 pois considerase a máis axeitada para cumprir os seguintes obxectivos:

- Permite o seguimento fiel da utilización de técnicas realizadas na embarcación orixinal (toma de escantillóns, elaboración de fasquiás, canteado de bancos, unión de pezas, armado de cadernas...)
- Permite a manipulación, carga, manexo e mecanizado das pezas de construción por persoal de diferentes niveis de coñecementos técnicos de carpintería de ribeira, idades e complexións físicas (nenos, persoas de idade avanzada...) facilitando o movemento das mesmas e minimizando a posibilidade de lesión por manipulación de pezas e pesos elevados.
- Permite a posibilidade de exposición no propio estaleiro, tanto no exterior coma no interior do mesmo.
- Considérase o máis idóneo pois facilita a colaboración e participación de persoal asistente en actividades no propio estaleiro.

- Permite o seu transporte e manipulación para resgardala no interior do estaleiro ou espazo pechado e para asistir a eventos e espazos onde divulgar a embarcación e o seu proceso construtivo (encontros, feiras, colexios...)
- Posibilita a utilización de maquinaria portátil por parte dos asistentes fronte á complexidade e maior risco na utilización de maquinaria estacionaria de grandes dimensións imprescindibles para mecanizar as pezas da embarcación a tamaño natural.

As medidas das pezas posibilitan:

- Que os participantes realicen operacións reais de marcado, fasquiado mecanizado e montaxe das pezas dunha embarcación de madeira, elaboradas utilizando as técnicas e ferramentas tradicionais de carpintaría de ribeira.
- A súa elaboración con maquinaria portátil e ferramenta manual transportable, sen necesidade de utilización de maquinarias estacionarias nin instalacións de electricidade complexas utilizadas na elaboración da embarcación a tamaño natural.
- Non se require de medios de transporte de tamaños específicos para o seu aprovisionamento e desprazamento.

Propóñense as seguintes sesión formativas divulgativas no estaleiro:

- A carpintaría de ribeira, a ferramenta, os materiais, as formas.
- O medio casco.
- A caixa de cadernas, os patróns.
- A bancada de traballo.
- A estrutura de quilla e roda., as unións, o aplomado I
- A estrutura de quilla e roda., as unións, o aplomado II
- A caderna mestra, os tercios.
- O armado de cadernas I.
- O armado de cadernas II.
- O aparexado.
- O fasquiado.
- O escantillonado I.
- O escantillonado II.
- O cravado.
- Os baos.
- A cuberta I.
- A cuberta II.
- Os interiores.
- O empanetado.
- A protección e acabados.